

**Expte:** 708/2023

**Asunto:** PEL CONCELLOS 2024

## ANUNCIO

O día 04/04/2024 ditouse a Resolución da Alcaldía que de seguido se transcribe:

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES:

O Concello de Moeche solicitoulle unha subvención á Deputación da Coruña ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2024 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local ( bases reguladoras no BOP núm. 206 do 27/10/2023 e convocatoria no BOP núm. 229 do 30/11/2023, modificada no BOP núm. 233 do 07/12/2023).

Por resolución definitiva da Deputación da Coruña (BOP núm. 31 do 12/02/2024) concedéuselle ao concello unha subvención para a contratación de persoal ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2024.

Por Resolución da Alcaldía do día 04/04/2024 aprobáronse as bases que rexerán o proceso de selección e contratación do persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais. O procedemento de selección faise mediante oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, que enviarán aos candidatos e candidatas aos postos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **Resolvo:**

**Primeiro:** nomear o Tribunal Cualificador que constará de:

Presidente/a: un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Presidente: M.<sup>a</sup> Raquel Novo Montes, funcionaria do Concello de Moeche

Vogais:

M.<sup>a</sup> Pilar Pazo González, persoal laboral fixo do Concello de Moeche

Secretario: Antonio García Méndez, funcionario do Concello Moeche

Membro asesor: Pedro Antonio Amado Freire, persoal laboral fixo do Concello de Moeche.

O tribunal cualificador reunirase para a cualificación e valoracións dos méritos unha vez que o Servizo Público de Emprego teña remitidos a todos/as os/as candidatos/as aos postos. As valoracións serán publicados taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Moeche. A data da proba práctica da fase de oposición será publicada no taboleiro de anuncios e páxina web do concello.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

(Sinatura dixital ao marxe)

